

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Emilio González López, a Xosé Núñez Búa do 03/09/1957

Colección:

Data: 03/09/1957

De:

Emilio González López;

Para:

Xosé Núñez Búa;

Orixe:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita co membrete:] HUNTER COLLEGE / OF THE CITY OF NEW YORK / 695 PARK AVENUE / NEW YORK 21, N. Y. / Department of Romance Languages.

Mencionados:

Ernesto Guerra da Cal; Valentín Paz-Andrade; Luís Seoane;

Transcrición da epistola de Emilio González López, a Xosé Núñez Búa do 03/09/1957

Nova York, 3 setembro 1957

Querido amigo Búa:

Ó chegar eiquí, me atopei co libro que moi ben presentado e editado, somentes ó final hai tres ou catro páxinas en que fallou a letra . Non sei si é no meu exemplar ou en todos, a portada moi boa.

A casa de Galicia de Nova York vai a pedir 50 exemplares polo de agora, como se venderán axiña, pedirán máis. Vou a falar cun libreiro pra que lle mandedes o libro. Il pode vendelo seu eiquí ás bibliotecas. Che agradecería que falaras con Seoane pra que me mande a min os meus exemplares e me fale do libro. É comenente mandalo a présa e tamén a Portugal. Onte saíu pra Portugal o profesor Ernesto Da Cal. El falará da aparición do libro. Temos que mandalo ás revistas por impresas e disto encarrégome eu. ¿Cando volve Valentín a España? Sei que tivo alá algún problema pola súa crítica das cousas de ustedes . Dálle unha forte aberta si aínda anda por

ahí.

Da Cal tamén falará en Portugal do esforzo que estades facendo ahí pola Aquea encol da cultura galega. Eu vos felicito.

Che agradecería que me mandaras canta crítica aparezca polo meu libro. Coido que, sobre todo, en Galiza e Portugal. Terá unha gran repercusión. Teño, ou estou traballando na segunda parte del, que son os levantamentos galegos por reconquistar a perdida personalidade.

Falarei aquí a ver si se pode vender algunha acción da nova editorial, o libro de Del Río donde eu encha de amizades.

Unha forte aperta

Emilio

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.